



Acta núm. 22/2021.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 19 de outubro de 2021.

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

María Rosa Romero Fariña.
José Luis Sampedro Bouzas.
Sandy Marie Cebal Gómez.
Carlos Noya Pereira.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, ás 14,00 horas do 19 de outubro de 2021, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 21/2021, DO 05.10.2021.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZAS DE OBRA MENOR.
- 4º) MODIFICACIÓNS DE LICENZAS DE SEGREGACIÓN.
- 5º) LICENZAS DE SEGREGACIÓN.
- 6º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 21/2021, DO 05.10.2021.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 05.10.2021, acta núm. 21/2021.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ANTONIO JESÚS ROMERO PAIS, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda sita en Ardións 5, Luaña, substituindo a totalidade da tella existente en mal estado por tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación, para garantir as condicións de estanquidade e illamento da mesma.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 8341708NH1484S0001RJ) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, sendo de aplicación a ordenanza nº 9 do PXOM (NRO-1), e sitúase dentro da zona de protección de leitos dun rego.

A Xunta de Goberno Local, á vista declaración responsable presentada ante Augas de Galicia con data 01.10.2021 e do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 100,12 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 164,69 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por RAMÓN GÓMEZ CACHARRÓN, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda e do galpón anexo sitos en Vilanova 10, Os Ánxeles, substituíndo a totalidade da tella existente en mal estado por tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación, para garantir as condicións de estanquidade e illamento da mesma.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 7640827NH2474S0001FW) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, sendo de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 64,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 128,57 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ RAMÓN RODRÍGUEZ GARCÍA, na que comunica que vai realizar obras de conservación na vivenda sita en Lamiño 26, Brión, de escasa entidade, para garantir as condicións de illamento e estanquidade, reparando as filtracións puntuais da cuberta e sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 6559441NH2466S0001UO) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, sendo de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 2,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 66,57 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por EVA CASTRO FERNÁNDEZ, na que comunica que vai realizar as seguintes obras nunha vivenda unifamiliar sita en Gundín 5, Os Ánxeles:

- .-Construír un pórtico de 3 metros de profundidade ao longo de toda a fachada sur.
- .-Substituír as fiestras actuais por fiestras novas de PVC.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 5442805NH2454S0001IJ) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, en área consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1), dentro dunha zona de protección da estrada AC-543.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, expediente nº IF204A/AC/2021/0727 e do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º)Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa condición recollida na autorización da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade:

.-O punto máis próximo á estrada situarase a unha distancia non inferior a da liña límite de edificación que discorre paralela a 7 metros da beira da estrada.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 115,38 euros.
- .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 179,95 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ MARÍA GOLÁN FREIRE, na que comunica que vai instalar un toldo, dentro da parcela privada, sen invadir a beirarrúa, no baixo sito na Avda. dos Ánxeles nº41, que conta con actividade para bar.

A edificación na que se van realizar as obras (referencia catastral 6546503NH2464N0001ED) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 do PXOM (UC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º)Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 33,90 euros.
- .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 98,47 euros.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por PATRICIA VÁZQUEZ LAMAS, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda sita en Gosende 2, Os Ánxeles, substituíndo a totalidade da tella existente en mal estado por tella nova e colocando unha fiestra inclinada, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación, para garantir as condicións de estancidade e illamento da mesma.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 5732601NH2453S0001BM) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, sendo de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 157,26 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 221,83 euros.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por CARMEN MATO CERDEIRA, na que comunica que vai colocar pedra natural de chapa nas fachadas da vivenda sita en O Rial 13 – Os Ánxeles, para garantir a conservación e as condicións de estanquidade e illamento da vivenda.

A parcela onde se pretenden executar as obras (referencia catastral 8242721NH2484S0000PT) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 (NRL-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 389,10 euros.

Total: 389,10 euros.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por David Gómez Bustelo, que di actuar en representación de BLANFEMAU, S.L., na que comunica que vai executar un pequeno movemento de terra que non altera en máis de tres metros a rasante natural do terreo (50 cm), co fin de mellorar o firme, no Rial- Os Ánxeles.

As parcelas onde se pretenden executar as obras (referencia catastral 8442802NH2484S0001BY e 8442803NH2484S0001YY) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 (NRL-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 22,50 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 87,07 euros.

i) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por LOURDES MANEIRO CAAMAÑO, na que comunica que vai realizar obras de conservación na vivenda sita na Urbanización Agro Novo 105, limpando, impermeabilizando e reparando a terraza e as fachadas, para garantir as

condicións de estanquidade e sen afectar á configuración arquitectónica da envolvente da edificación, nin á estrutura e instalacións.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 do PXOM (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 95,16 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 159,73 euros.

j) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por AMPARO BELMONTE RUIZ, na que comunica que vai realizar obras de conservación na vivenda sita na Urbanización Agro Novo 106, limpando, impermeabilizando e reparando a terraza, para garantir as condicións de estanquidade e sen afectar á configuración arquitectónica da envolvente da edificación, nin á estrutura e instalacións.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 do PXOM (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 64,72 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 129,29 euros.

k) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARIO CAL VARELA, na que comunica que vai instalar unha caseta prefabricada de madeira, de aproximadamente 4 m², para gardar apeiros de labranza, dunha única planta e escasa entidade construtiva, na parcela sita en Guitiande 57 – Os Ánxeles.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 7650415NH2475S0001ZL) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2) e nela existe unha vivenda que conta con licenza de obra outorgada pola Xunta de Goberno Local do 12/05/2016, segundo proxecto técnico redactado polo arquitecto Alberto Blanco Rodríguez, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 13/01/2016 e documentación complementaria, no que se recolle que a edificabilidade é de 0.2 m²/m².

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe desfavorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Non autorizar as obras por atoparse esgotada a edificabilidade da parcela.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 64,57 euros.

l) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA ESPERANZA ROJO CHICO, na que comunica que vai reparar a cuberta dun alpendre de aproximadamente 38 m², sito en Gundín 12 - Os Ánxeles, substituíndo a totalidade da tella existente en mal estado por tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación, para garantir as condicións de estanquidade e illamento da mesma.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 5241106NH2454S0001MJ) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, sendo de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 90,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 154,57 euros.

m) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por CARLOS CARDAMA BAAMEIRO, na que comunica que vai realizar obras de conservación dun peche de formigón en Soigrex 44, Os Ánxeles, sito, no linde oeste, fora da aliñación marcada nos planos de ordenación (a menos de 8 metros desde o eixe do vial), cubríndoo con pedra, e ampliar as tres entradas á parcela.

A edificación na que se van realizar as obras (referencia catastral 6941301NH2464S0001SZ) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 161,50 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 226,07 euros.

n) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MANUEL FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, na que comunica que vai construír un peche, na parcela sita en O Cabo 23 - Os Ánxeles, coas seguintes características:

.- O peche norte, do fonte da parcela, parte con muro de mampostería ata unha altura de 1,80 m, e parte con bloque de formigón enfusado e pintado en cor branco, ata unha altura de 1,20 m, e peche de elementos verticais en forma de L, galvanizados e lacados por enriba, ata unha altura total de 1,80 m; colocaranse dous portais de acceso.

.-O peche cos lindeiros leste e oeste, na zona de núcleo rural, en formigón gris ata unha altura de 60 cm e paneis tipo malla de aceiro galvanizado plastificado verde, por enriba, ata unha altura total de 1,80 m.

.-O peche cos lindeiros na parte de solo rústico con malla electrosoldada ata unha altura de 1,80 m e colocarse un portalón de acceso de vehículos.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 7645806NH2474N0000KH) emprázase parte sobre un ámbito de solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 (NRL-2) do PXOM e parte en solo rústico séndolle de aplicación o disposto na Lei 2/2016 do solo de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.-O peche en contacto coa vía pública, situarase segundo plano de situación do proxecto de execución de data 28.06.2019 e a documentación complementaria visada polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 04.03.2020 (n.r.e.: 1903020), en base a cal outorgouse licenza para construción de vivenda pola Xunta de Goberno Local o 13.03.2020.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 190,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 254,57 euros.

o) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MANUEL BELLO GARCÍA, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda sita en Babenzo 24, Bastavales, substituíndo a totalidade da tella existente en mal estado por tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación, para garantir as condicións de estanquidade e illamento da mesma.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 8321405NH2482S0001PK) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, sendo de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 80,10 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 144,67 euros.

p) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por DIEGO CEBRAL GÓMEZ, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda sita en Casaldoeiro 6, Bastavales, substituíndo a totalidade da tella existente en mal estado por tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación, para garantir as condicións de estanquidade e illamento da mesma.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 7410703NH2471S0001SB) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas consolidada pola edificación, sendo de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1).

A Sr^a. Concelleira Sandy Marie Cebal Gómez abstense no debate e votación deste acordo ao manifestar que concorre nela causa de abstención do artigo 23.2. b) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 100,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 164,57 euros.

q) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MODESTO LEMOS LIÑARES, na que comunica que vai reparar a cuberta do alpendre sito en Lamiño 19, Brión, substituíndo a totalidade da tella existente en mal estado por pranchas de fibrocemento e tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación, para garantir as condicións de estanquidade e illamento da mesma.

A edificación onde se van realizar as obras (referencia catastral 6762810NH2466S0001HO) emprázase sobre un ámbito de solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 (UC-2) do PXOM e sitúase dentro da aldea de Lamiño, integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada como BE6, e en base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 57,63 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 122,20 euros.

TERCEIRO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión en Guitiande 54, Os Ánxeles, dende apoio existente, con condutor tipo XZ1 0,6/1 KV 4x(1x240) AI, ata CPM do solicitante a instalar no límite da propiedade coa vía pública. Para a canalización do mencionado condutor

realizarase unha gabiá dunha lonxitude total de 23 metros, segundo proxecto asinado polo graduado en enxeñaría eléctrica, Alejandro Fernández Reza, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo o 12/07/2021, visado nº 22101115.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 7350353NH2475S0000ZK) está clasificada como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC-2), e nela estase a construír unha vivenda que conta con licenza outorgada pola Xunta de Goberno Local o 28.07.2020.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 613,42 €, que se imputará ao aval global número 0049-1600-41-2110110292, emitido polo Banco Santander S.A. e presentado no Concello o 07/05/2021, r.e. 202100000001282.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 62,68 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 127,25 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Celestina López Morte, que di actuar en representación de NEDGIA CASTILLA Y LEON, S.A., na que solicita licenza para reconstruír unha arqueta, recrecendo e substituíndo o conxunto tapa –marco, para o que será necesario a apertura dunha cala. Trátase dunha obra de mantemento de escasa entidade necesaria para a conservación da rede de gas.

A parcela onde se pretenden executar as obras está clasificada como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 do PXOM (UC-1) e sitúase na calzada da estrada AC-543 de titularidade autonómica.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización do servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas da Coruña, (expediente IF204A/AC/2021/0291) e do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 319,20 €, que a interesada deberá presentar no Concello, con anterioridade á expedición da licenza.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 3,84 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 68,41 euros.

CUARTO.- MODIFICACIÓNS DE LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

a) Detectáronse varios erros na concesión da licenza de segregación outorgada a MARÍA ISABEL REBOREDO PARDO, SANTIAGO MOURIÑO MOURELLE e ANTONIO- PERFECTO MOURIÑO MOURELLE, pola Xunta de Goberno Local o 05/10/2021, para a agrupación e segregación das parcelas con referencia catastral 5169101NH2456N0001RB, 5169102NH2456N0001DB e 5168401NH2456N0001AB, situadas en Trasouteiro, Brión, segundo o proxecto de segregación redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Pedro María Melero Cao, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (A Coruña-Pontevedra) visado núm. 651/21.

Comprobadas as parcelas resultantes da segregación pretendida, existen varios erros materiais nos lindes das parcelas resultantes denominadas: RESTO FINCA 92 e PARCELA CESIÓN 2.

Visto o informe favorable da arquitecta municipal, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, consonte co disposto no art. 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, de oficio, acorda:

1º) Rectificar os erros materiais advertidos no acordo da Xunta de Goberno Local sinalado, nos seguintes termos:

Onde di:

RESTO FINCA 92:

Superficie neta: 3.715 m².

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-2).

Lindes:

Norte: en parte zona excluída e, no resto, terreo que neste proxecto se cede ao Concello de Brión para a ampliación de viais (PARCELA CESIÓN 2) e despois camiño que separa da zona excluída.

Sur: terreo que neste proxecto se cede ao Concello de Brión para ampliación de viais (PARCELA CESIÓN 2) e, en parte, estrada da Igrexa de Brión a Mourentáns e, no resto, camiño.

Leste: terreo que neste proxecto se cede ao Concello de Brión para ampliación de viais (PARCELA CESIÓN 2) e despois camiño.

Oeste: PARCELA SEGREGADA B resultante deste proxecto.

Debe dicir:

RESTO FINCA 92:

Superficie neta: 3.715 m².

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-2).

Lindes:

Norte: en parte zona excluída e, no resto, terreo que neste proxecto se cede ao Concello de Brión para a ampliación de viais (PARCELA CESIÓN 2) e despois camiño que separa da zona excluída.

Sur: terreo que neste proxecto se cede ao Concello de Brión para ampliación de viais (PARCELA CESIÓN 2) e despois, en parte, estrada da Igrexa de Brión a Mourentáns e, no resto, camiño.

Leste: terreo que neste proxecto se cede ao Concello de Brión para ampliación de viais (PARCELA CESIÓN 2) e despois camiño.

Oeste: PARCELA SEGREGADA B resultante deste proxecto.

Onde di:

PARCELA CESIÓN 2:

Superficie neta: 772 m².

Lindes:

Norte: na porción maior, camiño, outro camiño que separa de Maximina González Martelo (93) e PARCELA SEGREGADA A resultante deste proxecto e, na porción maior, camiño, outro camiño que separa de Maximina González Martelo (93) e PARCELA SEGREGADA A resultante deste proxecto e, na porción menor, camiño que separa de zona excluída, RESTO FINCA 92 resultante deste proxecto, PARCELA SEGREGADA C resultante deste proxecto, se ben na conclusión deste proxecto, NOVA FINCA 91-a resultante do mesmo.

Sur: na porción maior, estrada da Igrexa de Brión a Mourentáns e PARCELA SEGREGADA A resultante deste proxecto (na porción oeste).

Leste: na porción maior, camiño do lugar e PARCELA SEGREGADA A resultante deste proxecto e, na porción menor, camiño.

Oeste: na porción maior camiño e PARCELA SEGREGADA A resultante deste proxecto e, na porción menor, RESTO FINCA 92 resultante deste proxecto e terreo que se cede neste proxecto ao Concello de Brión para ampliación de viais (PARCELA CESIÓN 1).

Debe dicir:

PARCELA CESIÓN 2:

Superficie neta: 772 m².

Lindes:

Norte: na porción maior, camiño, outro camiño que separa de Maximina González Martelo (93) e PARCELA SEGREGADA A resultante deste proxecto e, na porción menor, camiño que separa de zona excluída, RESTO FINCA 92 resultante deste proxecto, PARCELA SEGREGADA B resultante deste proxecto e, en principio, PARCELA SEGREGADA C resultante deste proxecto, se ben na conclusión deste proxecto, NOVA FINCA 91-a resultante do mesmo.

Sur: na porción maior, estrada da Igrexa de Brión a Mourentáns e PARCELA SEGREGADA A resultante deste proxecto (na porción oeste).

Leste: na porción maior, camiño do lugar e PARCELA SEGREGADA A resultante deste proxecto e, na porción menor, camiño.

Oeste: na porción maior camiño e PARCELA SEGREGADA A resultante deste proxecto e, na porción menor, RESTO FINCA 92 resultante deste proxecto e terreo que se cede neste proxecto ao Concello de Brión para ampliación de viais (PARCELA CESIÓN 1).

QUINTO.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MARÍA DEL CARMEN ROMERO MOSQUERA, na que solicita licenza de segregación de tres parcelas rexistras coa mesma referencia catastral, 7525402NH2472N0001BY, situadas en San Salvador – Bastavales, segundo proxecto de segregación redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Pedro María Melero Cao, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (A Coruña- Pontevedra) visado núm 704/21.

Descrición das parcelas de orixe:

Parcela nº 203-1:

Referencia catastral: 7525402NH2472N0001BY

Superficie: 1.734 m² (segundo medición recente).

Clasificación: solo urbano, séndolle de aplicación dúas ordenanzas:

- 1.554 m² nos que é de aplicación a ordenanza nº1 do PXOM para o solo urbano consolidado (UC-1).
- 180 m² nos que é de aplicación a ordenanza nº2 do PXOM para o resto do solo urbano consolidado (UC-2).

Lindes:

Norte: José Barreiro Mosquera (202-2).

Sur: camiño.

Leste: Etelvina Mosquera Baliño (204) e Florentino – Enrique – Romero Vilas (205).

Oeste: Luís Romero Casal (203-2).

Sobre esta parcela existe unha edificación de 35 m² en planta destinada a gardar aparellos de labranza.

Parcela nº 205:

Referencia catastral: 7525402NH2472N0001BY

Superficie: 1.614 m² (segundo medición recente).

Clasificación: solo urbano, séndolle de aplicación dúas ordenanzas:

- 707 m² nos que é de aplicación a ordenanza nº1 do PXOM para o solo urbano consolidado (UC-1).

- 907 m² nos que é de aplicación a ordenanza nº2 do PXOM para o resto do solo urbano consolidado (UC-2).

Lindes:

Norte: camiño.

Sur: Etelvina Mosquera Baliño (204).

Leste: Adelina Nieto González (206).

Oeste: José Barreiro Mosquera (202-2) e Luís Romero Casal (203-1).

Parcela nº 204:

Referencia catastral: 7525402NH2472N0001BY

Superficie: 1.025 m² (segundo medición recente).

Clasificación: solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº1 do PXOM para o solo urbano consolidado (UC-1).

Lindes:

Norte: Florentino – Enrique Romero Vilas (205).

Sur: camiño.

Leste: José Moar Arretén (208).

Oeste: Luís Romero Casal (203-1).

Segregación pretendida:

Parcela 203-1

Superficie bruta: 1.554 m².

Superficie de cesión: 63 m².

Superficie neta: 1.491 m².

Clasificación urbanística: solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº1 do PXOM para o solo urbano consolidado (UC-1).

Lindes:

Norte: José Barreiro Mosquera (202-2) e Florentino - Enrique – Romero Vilas (205) deste proxecto.

Sur: camiño.

Leste: Etelvina Mosquera Baliño (204) e Florentino – Enrique – Romero Vilas (205).

Oeste: Luís Romero Casal (203-2).

Sobre esta parcela existe unha edificación de 35 m² en planta destinada a gardar aparellos de labranza.

Parcela nº205:

Superficie bruta: 1.589 m².

Superficie de cesión: 0 m².

Superficie neta: 1.589 m².

Clasificación: solo urbano, séndolle de aplicación dúas ordenanzas:

- 502 m² nos que é de aplicación a ordenanza nº1 do PXOM para o solo urbano consolidado (UC-1).

- 1.087 m² nos que é de aplicación a ordenanza nº2 do PXOM para o resto do solo urbano consolidado (UC-2).

Lindes:

Norte: camiño.

Sur: Etelvina Mosquera Baliño (204).

Leste: Adelina Nieto González (206).

Oeste: José Barreiro Mosquera (202-2) e Luís Romero Casal (203-1).

Parcela nº204:

Superficie bruta: 1.230 m².

Superficie de cesión: 72 m².

Superficie neta: 1.158 m².

Clasificación: solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº1 do PXOM para o solo urbano consolidado (UC-1).

Lindes:

Norte: Florentino – Enrique Romero Vilas (205).

Sur: camiño.

Leste: Adelina Nieto González (206) e José Moar Arretén (208).

Oeste: Luís Romero Casal (203-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e aceptar a cesión dos terreos de 63 m² e 72 m² ao abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 193,71 euros.

Total: 193,71 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por José Andrés Rodríguez Lago, que di actuar en representación de MARÍA BELÉN BLANCO PARÍS e DIEGO VILLAR BELLO, na que solicita licenza de segregación da parcela con referencia catastral 15013B503002850000MR, situada en Babenzo - Bastavales, segundo proxecto de segregación asinado polo arquitecto Eugenio Torreira Pais, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 21.06.2021 (expte. núm. 2103020).

Descrición da parcela de orixe:

Referencia catastral: 15013B503002850000MR

Superficie: 3.668,00 m²

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo con dúas clasificacións polo PXOM:

- 1.898 m² en solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 do PXOM (UC1).

-. 1.770 m² en solo rústico apto para urbanizar, séndolle de aplicación o réxime establecido pola vixente Lei 2/2016 do solo de Galicia para o solo rústico, en aplicación do disposto ó respecto pola disposición transitoria primeira.

Lindes:

Norte: Carmen Álvarez Barreiro e outros propietarios (fincas 268,268,270 e 273).

Sur: Dolores Leboráns Núñez, hoxe os seus herdeiros, Don Ramón e Dona María Luisa Iglesias Leboráns (286).

Leste: Eligio López Gómez (284).

Oeste: Estrada Esclavitud - Os Ánxeles (AC-300).

Segregación pretendida:

Finca 285-1:

Superficie neta: 821,00 m².

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1 do PXOM.

Lindes:

Norte: Carmen Álvarez Barreiro e outros propietarios (fincas 268, 268, 270 e 273).

Sur: parcela segregada 285-2.

Leste: parcela segregada 285-3.

Oeste: parcela segregada 285-4.

Finca 285-2:

Superficie neta: 821,00 m².

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1 do PXOM.

Lindes:

Norte: parcela segregada 285-1.

Sur: Dolores Leboráns Núñez, hoxe os seus herdeiros, don Ramón e dona María Luisa Iglesias Leboráns (286).

Leste: parcela segregada 285-3.

Oeste: parcela segregada 285-4.

Finca 285-3:

Superficie neta: 1.770,00 m².

Clasificación urbanística: solo rústico apto para urbanizar polo que, segundo a disposición transitoria 1º. 2.b) da Lei 2/2016 do solo de Galicia aplicáselle o disposto nesta Lei para solo rústico.

Lindes:

Norte: Carmen Álvarez Barreiro e outros propietarios (fincas 268, 268, 270 e 273).

Sur: Dolores Leboráns Núñez, hoxe os seus herdeiros, don Ramón e dona María Luisa Iglesias Leboráns (286).

Leste: Eligio López Gómez (284).

Oeste: parcelas segregadas 285-1 e 285-2.

Finca 285-4: (parcela de cesión)

Superficie neta: 256,00 m²

Lindes:

Norte: Carmen Álvarez Barreiro e outros propietarios.

Sur: Dolores Leboráns Núñez, hoxe os seus herdeiros, don Ramón e dona María Luisa Iglesias Leboráns (286).

Leste: parcelas segregadas 285-1 e 285-2.

Oeste: Estrada Esclavitud - Os Ánxeles (AC-300).



A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, expediente nº IF205D/AC/2021/0067 e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e aceptar a cesión dos terreos de 256 m² ao abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 193,71 euros.

Total: 193,71 euros.

SEXTO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,20 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González